

ACTA DE REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Convocada en tempo e forma, o día **15 de decembro de 2022**, sendo ás 21:00 horas, reúnese mediante videoconferencia a Xunta Directiva da Federación Galega de Orientación (FEGADO) coa seguinte orde do día:

Orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación da acta do 24 de novembro de 2022.
- 2.- Puntos a tratar na Asamblea Xeral Ordinaria do día 17 de decembro do 2022.
- 3.- Valoración das contas económicas 2022.
- 4.- Valoración do presuposto para o ano 2023.
- 5.- Toma de decisión sobre o ranking das diferentes modalidades para o ano 2023.
- 6.- Descrición das charlas de orientación para o mes de xaneiro.
- 7.- Turnos de intervención das diferentes vogalías.
- 8.- Decisións a tomar sobre o emprego das contas de Dropbox e Google Drive para a xestión de FEGADO.
- 9.- Explicación do programa Xogade.
- 10.- Rogos e preguntas

Asistentes/Ausentes:

Nome e apelidos	Cargo	Presente	Ausente
Sonia Gómez Naya (Compás)	Presidenta	X	
Claudia Oreiro Chapela (Gallaecia)	Vicepresidenta		X
Roberto Amarelle Garabán (Compás)	Secretario	X	
Francisco J. Antoñón Clemente (Aromon)	Tesoureiro	X	
Pablo Adrián Aller Estévez (Trevinca)	Responsable O-pé	X	
José Antonio Ricoy Bugarín (Aromón)	Responsable Trail-O		X
Enrique Luís Álvarez Estévez (Gallaecia)	Responsable MTBO		X
Jorge Piñeiro Portela (Ártabros)	Responsable Dirección Técnica	X (incorpórase ás 21:24)	
María Piñeiro Varela (Ártabros)	Responsable de Comunicacions	X	
Candela Puime López (VigOrienta)	Responsable de Deporte escolar	X (incorpórase ás 22:34)	
Manuel Pedre Vázquez (Gallaecia)	Responsable Raids	X (incorpórase ás 21:37)	

1.- Lectura e aprobación das actas anteriores.

Apróbase por unanimidade.

2.- Puntos a tratar na Asamblea Xeral Ordinaria do día 17 de decembro de 2022.

Toma a palabra a presidenta para indicar os diferentes puntos a tratar na Asamblea Xeral Ordinaria que se celebrará o día 17 de decembro de 2022 na cidade de Lugo. Comeza indicando que probablemente se realice un cambio de ubicación física xa que confirmaron a súa asistencia un elevado número de participantes, que supera o aforo da sala do Pavillón de Frigsa onde estaba previsto realizala. Indica que confirmará ese cambio o día seguinte (16 de decembro) e que probablemente se realice nas instalacións do Club Fluvial de Lugo.

Engade tamén que durante esta lexislación as Assembleas Técnicas e Xerais realizaranse na cidade de Santiago de Compostela.

En canto aos puntos a tratar na Asamblea Xeral son os que se describen a continuación:

1. Aprobación das actas anteriores
2. Liquidación do presuposto anual 2022 que será explicado por Mónica Figueroa leiro (anterior Tesoreira da FEGADO)
3. Aprobación do presuposto 2023 que será explicado por Javier Antoñón (Tesoureiro actual da FEGADO)
4. Aprobación do calendario deportivo 2023 que será explicado por Javier Alvelo (colaborador da Xunta Directiva da FEGADO)
5. Aprobación enmendas a normas e regulamento que será explicado por Jorge Piñeiro (Director técnico da FEGADO)
6. Presentación do proxecto deportivo 2023 que será explicado por Jorge Piñeiro (Director técnico da FEGADO)
7. Rogos e preguntas

3.- Valoración das contas económicas 2022.

Non é posible realizar esta valoración debido a que a Tesoreira da Xunta Directiva anterior da FEGADO (Mónica Figueroa Leiro) aínda está realizando o peche das contas deste ano, e que debido a carga de traballo aínda non lle foi posible rematar.

4.- Valoración do presuposto para o ano 2023.

Toma a palabra o tesoureiro da FEGADO (Javier Antoñón) para indicar que continúa a traballar cos presupostos de cara a asamblea. Incídese en que a partir deste ano, tal e como xa foi aprobada previamente, cada club que solicite o material da FEGADO (estacións, reloxo, material de meta, ...) terá que abonar á FEGADO unha cantidade total de 50 euros. Neste momento interveñen algúns dos

asistentes para expresar a súa opinión e indicar que igual esa cantidade é excesiva, xa que por exemplo non é o mesmo solicitar un reloxo que solicitar o total das estacións.

5.- Toma de decisión sobre o ranking das diferentes modalidades para o ano 2023.

Toma a palabra o responsable do ranking da FEGADO, Pablo Aller, para indicar que é necesario unificar os criterios das diferentes probas á hora de realizar o ranking, xa que por exemplo, as probas City Race, as probas galegas e as nacionais teñen diferentes categorías. Toma a palabra Manuel Pedre para indicar que sería necesario unificar as categorías da FEGADO coas da FEDO. Neste momento, Jorge Piñeiro, indica que durante os primeiros meses do ano 2023 vaise constituir unha mesa de traballo cuxo obxectivo será adaptar as categorías de participación nas diferentes probas e unificalas coas probas nacionais.

Volve a tomar a palabra Pablo Aller para indicar que por exemplo, na primeira proba do campionato galego de sprint para o ano 2023 o club organizador da mesma ten previsto realizar unha clasificación previa pola mañá e o campionato pola tarde. Neste sentido, indica que xa non están claros os criterios que se empregarán para realizar o ranking. En relación a este tema toma a palabra Javier Antoñón para indicar que esa proba non se incluía no ranking e Sonia Gómez para indicar que tan só se teña en conta a fase previa e clasificatoria da mañá.

6.- Descrición das charlas de orientación para o mes de xaneiro.

Toma a palabra a presindeta para indicar que na páxina web da FEGADO xa están colgadas as charlas que están previstas impartir no mes de xaneiro incluídas dentro do plan de formación continuada da Fegado. Concretamente programáronse charlas técnicas de Xuíces Controladores, OE2010, Sitiming, Trazados, Autorizaciones / Medioambiente e Cartografía. Toma a palabra Jorge Piñeiro para indicar que a proba prevista para o día 28 de xaneiro de 2023 coincide coa xornada de tecnificación realizada por Rafael Lima. Propónse falar con Adrián Moreira e Ángel Álvarez por se desexan cambiala para outra xornada.

7.- Turnos de intervención das diferentes vogalías.

Comeza o turno a presindeta indicando a ausencia do vogal Enrique Álvarez debido a que se atopa de baixa médica.

A continuación intervén Pablo Aller para indicar que está previsto a realización de tecnificacións e concentracións dirixidas a nenos/as e categoría elite. Propón tamén realizar unha carreira de difusión e promoción de deporte de orientación na rúa.

Intervén Sonia para indicar que durante esta lexislación vamos dispor dun fotógrafo oficial da FEGADO (Rodrigo González) para todas as fotos oficiais das redes sociais e da páxina web.

8.- Decisións a tomar sobre o emprego das contas de Dropbox e Google Drive para a xestión da FEGADO.

Toma a palabra Sonia para indicar que Manuel Pedre está realizando todas as tramitacións para que cada unha das vogalías poida dispor dunha conta gratuíta en Google Drive para a xestión da documentación interna da FEGADO, xa que a conta Dropbox que se emprega actualmente é de pago.

9.- Explicación do programa Xogade

Toma a palabra Candela Puíme (vogal do Programa Xogade) para indicar que dende a Xunta de Galicia se puxeron en contacto con ela para interesarse e aclarar algunhas dúbidas sobre a xestión do Programa Xogade, especialmente a xestión que se estaba a realizar na provincia de Pontevedra. Así mesmo indica que cada Organización Provincial dispón dun total de 1200 euros para os gastos relacionados con este Programa. Así mesmo indica que existe a posibilidade de realizar probas zonais (se fosen necesarias debido a un elevado número de participantes) e tamén a necesidade de consensuar todas as probas coa xunta de Galicia.

10.- Rogos e preguntas

Toma a palabra Roberto para preguntar se é posible prestar o material de orientación da FEGADO aos centros escolares que así o soliciten. Responde Sonia indicando que xa existe esa posibilidade pero que non se presta de forma altruísta senón que teñen que pagar o material igual que calquera club que así o solicite.

Vigo, 16 de decembro de 2022.

O secretario

Roberto Amarelle Garabán

A Presidenta

Sonia Gómez Naya